

Carballo

Os concellos da comarca pararon media ducia de instalacións por falta de autorización

Data 19/8/2008

http://www.lavozdegalicia.es/carballo/2008/08/19/0003_7071172.htm?idiona=galego

A oposición veciñal e algunhas denuncias políticas propiciaron que varios concellos da zona paralicen nos últimos meses media ducia de traballos de construción destas antenas. Dous destas actuacións tiveron lugar en senllos puntos de Carballo (Artes e A Revolta) a finais do ano pasado e comezos do actual, e outros dous afectaron a Treos e Manlle (Vimianzo), tamén nas primeiras semanas deste ano. No último caso, a empresa chegou a completar a estrutura, pero unha denuncia da oposición obrigou ao goberno local a intervir.

Tamén tivo que adoptar medidas o Concello de Zas ao ter noticia do inicio das obras para levantar un poste en Meanos e o de Coristanco, por similar motivo, en Couso.